

## *Finalista de narrativa*

### A MAXIA DO ORTEGAL

O día dezasete de maio de mil novecentos noventa e oito , Andrés, Xiao e Bartolomé decidiron facer unha viaxe por todo o Cabo Ortegál . Saíron de Cariño sobre as doce da mañán , e comezaron a súa camiñata ata San Xiao , que sería o primeiro lugar que visitarían . Mentres que subían ían observando a vexetación e paisaxe que nesa zona se atopan , tomaron algunhas fotografías para lembrar un dos sitios máis bonitos que viran en moito tempo . Cando chegaron a San Xiao , fixeron unha parada para xantar ; visitaron a capela, na que lle pediron a San Xiao que os axudase na viaxe , e beberon auga da fonte que alí se atopa. No camiño ata o Cabo Ortegál , colleron unhas flores que lles chamaron a atención xa que nunca as viran noutro lugar. Unha vez no Cabo , observaron o mar , os tres agillóns e o faro e tomaron algunhas fotos . Logo , partiron cara a San Andrés , en especial Andrés estaba moi emocionado , xa que tiña unha irmá enferma , e tiña a esperanza de que ó visitar San Andrés , se curase a súa irmá e así voltase a felicidade a súa familia. Foron camiñando e atopáronse cos aeroxeneradores , que aínda que lle quitan algo de fermosura a paisaxe , dánlle unha utilidade ós ventos que alí se dan . Viron como os animais se gardaban do sol debaixo dos aparatos e escapaban coa súa presenza preto deles. Chegaron a San Andrés e xa eran a seis da tarde , estaban moi cansados de andar todo o día , pero a súa camiñata foi recompensada ó chegar a San Andrés: O primeiro que fixeron foi mercar algúns recordos , que tiñan grabado un dito popular : “A San Andrés o que non vai de vivo unha vez vai de morto tres”; con ese recordo demostrarían que conseguiron chegar á meta que eles marcaran . Logo foron ata a Igrexa e prenderon unha vela para dálle as gracias polo ben que o pasaran . Pero antes de marchar cara a súas casas , foron a fonte dos tres canos , e beberon un pouquiño de cada cano e formularon un desexo . Andrés sacou a flor que collera no Cabo e mollouna nos tres canos da fonte , pedíndolle que por favor a súa irmán se curase. Xa na casa Andrés entregoulle a flor que atopara no Cabo e que mollara na fonte de San Andrés. A irmán púxose tan contenta que cada vez que miraba para a flor sentíase máis feliz e así cada día ata que se foi curando e toda a familia se puxo moi feliz .

**NADIA ESCOURIDO QUINTIANA**

**4º ESO**

**IES CABO ORTEGAL**